



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008

 MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

* UN NOVO MARCADOR DIXITAL CON PANEL SOLAR LEMBRARÁ ÁS MULLERES ASASINADAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO

Un novo **Marcador Dixital con Panel Solar** foi instalado pola Concellería de Igualdade de Vigo na confluencia das rúas Ronda de Don Bosco e Príncipe para lembrar ás mulleres asasinadas por Violencia de Xénero.

Este instrumento de denuncia que representa dun xeito directo e efectivo a Magnitude da Traxedia que supón este tipo de violencia vén substituír ao anterior instalado nese mesmo punto o pasado mes de novembro e que será trasladado en breve á Lonxa do Concello.

Con esta decisión, o departamento que dirixe Iolanda Veloso reforza esta iniciativa ao facer visible este grave problema en dous puntos estratéxicos da cidade, polos que pasan miles de persoas ao día.

O **Marcador Dixital** indica o número de mulleres asasinadas en España a mans da súa parella ou ex parella e actualízase cada vez que se confirma un novo caso. A actualización destes datos realízase dun xeito áxil con cifras oficiais procedentes do Ministerio de Igualdad que aporta o número real de vítimas.

Para realizar o seguimento das mulleres asasinadas, a Concellería de Igualdade mantén un permanente contacto con este ministerio. En canto se confirma de que se trata dun caso de Violencia contra as Mulleres, o marcador é actualizado, non antes.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

* UN TOTAL DE 28 VÍTIMAS DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES NO QUE VAI DE ANO, UNHA EN GALICIA

O número de mulleres asasinadas pola súa parella ou ex parella no que vai de ano ascende a 28, segundo os datos aportados polo Ministerio de Igualdad, a través do seu Gabinete de Prensa.

Xaneiro e febreiro foron os meses nos que se produciron máis vítimas, con sete mulleres asasinadas en xaneiro e outras sete en febreiro. Pola súa parte, en marzo rexistráronse 4 vítimas, en abril tres, en maio outras tres e neste mes, en xuño, contabilizáronse catro mulleres asasinadas. En Galicia, unha muller de 61 anos foi asasinada o pasado mes de xaneiro pola súa parella na localidade de Cangas.

Ademais, a **Concellería de Igualdade** realiza un seguimento dos casos que se atopan en investigación, que na actualidade son catro en diferentes puntos de España.

Entre as actuacións que desenvolve a **Concellería de Igualdade** no marco da campaña institucional "**Na Violencia de Xénero non hai tregua**", tamén figura a edición e distribución de 10.000 dípticos informativos, de forma periódica, nos que se amosan os resultados desta iniciativa.

Con estas iniciativas, a Concellería de Igualdade de Vigo pretende trasladar á rúa, mediante accións contundentes, unhas cifras que, aínda que ocupen importantes espazos nos medios de comunicación, se consideran alleas. A finalidade é converter a traxedia nun problema propio.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

Deste xeito, é importante crear a conciencia de que existe un problema social de gran magnitude e implicar a todas as persoas, non soamente trasladando a traxedia persoal das vítimas, senón pola posibilidade de que toda a sociedade participe no rexeitamento e na prevención desta lacra a través da denuncia dos casos que coñecen.

* OUTRAS INICIATIVAS

Ademais, o departamento que dirixe Iolanda Veloso puxo en marcha unha **Campaña Informativa** para dar a coñecer os novos soportes que se utilizarán para a difusión dos recursos e servizos da **Concellería de Igualdade**: axendas, folletos e, en formato electrónico, novas tecnoloxías e páxina web.

Deste xeito, as **Axendas 2008 e os Folletos** son novos e eficaces instrumentos a disposición da cidadanía que ofrecen información sobre os servizos municipais especializados no eido da muller.

Pola súa parte, a web www.igualdadevigo.org é un soporte áxil e dinámico que amosa información actualizada (novas, convocatorias, actividades...), ferramentas de consulta, publicacións e campañas, lexislación e enlaces de interese, entre outros aspectos, para as persoas e colectivos interesados.

Así mesmo, está a funcionar osnososdereitos.muller@vigo.org, o servizo de consulta xurídica on-line que naceu co obxectivo de axilizar e aumentar a eficacia da información prestada por unha avogada ás mulleres que desexen realizar consultas sen necesidade de acudir presencialmente ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

* ARREDOR DE 200 XUÍZOS RÁPIDOS NO XULGADO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES NO QUE VAI DE ANO

No que vai de ano, celebráronse arredor de 200 xuízos rápidos no xulgado especial de Violencia sobre a Muller, polo que a media sitúase en máis dun caso xulgado ao día. Ademais o xulgado vigués abriu neste tempo case 500 dilixencias previas por denuncias de malos tratos.

Este xulgado especializado en Violencia de Xénero, que funciona dende xaneiro de 2007, é o primeiro que comezou a funcionar en Galicia. O seu cometido é resolver os casos de malos tratos que se producen no Partido Xudicial de Vigo e Redondela.

* UN TOTAL DE 71 MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA NO ANO 2007 POLA SÚA PARELLA OU EX PARELLA

No ano 2007, un total de 71 mulleres, das que oito eran galegas, foron asasinadas en España polas súas parellas ou ex parellas, segundo o Instituto de la Mujer. Así mesmo, durante 2007 presentáronse un total 63.347 de denuncias por malos tratos.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

FERRAMENTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

* ACTUACIÓNS MUNICIPAIS

1.- II PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo en novembro de 2004 , este plan concreta a liña de actuacións do Concello para dar resposta ás mulleres que sofren violencia de xénero. O documento está estruturado en catro áreas de intervención:

- Apoio e seguimento das vítimas con medidas de apoio económico, formación, emprego e conciliación da vida persoal e laboral, entre outras.
- Optimización e adecuación de recursos para mellorar o acceso das vítimas á información e proporcionarlles atención axeitada.
- Coordinación entre os diferentes servizos e recursos implicados na atención ás vítimas.
- Información e sensibilización social potenciando a investigación sobre o fenómeno da violencia de xénero e fomentando medidas dirixidas á infancia e á xuventude, así como ao persoal da Administración local.

2.- III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Este documento elaborado baixo o lema "Igualdade sen xénero de dúbidas" contempla catro áreas de intervención: Coeducación, Conciliación, Mercado laboral e Hábitos de vida saudable. Con esta iniciativa o Concello de Vigo márcase como obxectivos:



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

1.- Impulsar a aplicación de políticas de igualdade no eido local coa creación do Observatorio para a Igualdade e o Departamento de Igualdade de Oportunidades adscrito á Concellería da Muller.

2.- Coñecer e analizar a realidade de Vigo a través de estudos, investigacións e convenios de colaboración con distintas entidades.

O plan incide directamente na escola e na familia para asesorar aos pais e nais e educadores e educadoras na coeducación, eliminando estereotipos sexistas.

3.- REDE DE ATENCIÓN ÁS MULLERES VÍTIMAS DE MALOS TRATOS

Esta rede estará integrada por un Centro de Emerxencia e tres Pisos cedidos recentemente pola Consellería de Vivenda.

CENTRO DE EMERXENCIA.- É o primeiro destas características en Galicia e a súa finalidade é ofrecer aloxamento con carácter de urxencia e temporal ás mulleres maltratadas. Para beneficiarse deste novo dispositivo non será necesario a interposición de denuncia. Ademais, contará cos mecanismos axeitados para atender a mulleres con determinadas enfermidades ou que precisen tratamento de adiccións.

Pola súa parte, os tres PISOS cedidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) complementarán e reforzarán esta rede de aloxamento.

Esta rede substituirá á actual Casa de Acollida e permitirá ampliar os servizos ofrecidos ás mulleres que sofren malos tratos. Ademais, a Concellería de Igualdade porá a disposición das mulleres que teñen necesidade de ingresar na rede axudas económicas de emerxencia destinadas a facer fronte aos seus gastos máis persoais, así como a gastos extraordinarios de diversa índole.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

A Rede de Atención ás Mulleres Vítimas de Malos Tratos complétase con outros servizos como:

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER (CMIDM).- Situado na rúa Romil número 20, é un servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres. Conta con programas específicos para mulleres vítimas da violencia de xénero. TLF: 986 293 963.

osnosodereitos.muller@vigo.org.-É un servizo de consulta xurídica on-line posto en marcha pola Concellería de Igualdade co obxectivo de axilizar e aumentar a eficacia da información prestada por unha avogada ás mulleres que desexen realizar consultas sen necesidade de acudir presencialmente ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

* LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Lei Integral contra a Violencia de Xénero foi aprobada por unanimidade no Parlamento español en decembro de 2004. Trátase dunha lei de carácter transversal, que obriga a traballar nos diferentes ámbitos para previr novos episodios de violencia.

Así, por primeira vez, actúase contra a Violencia de Xénero dun xeito integral e multidisciplinar, comezando polo proceso de socialización e educación.

O seu ámbito abarca tanto os aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas, como a normativa civil que incide no ámbito familiar ou de convivencia, onde principalmente prodúcense as agresións. Así mesmo, abórdase con decisión a resposta punitiva que deben recibir todas as manifestacións de violencia que esta lei regula.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

* LEI GALEGA PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A Lei Galega para a Prevención e tratamento da Violencia de Xénero foi aprobada coa unanimidade dos tres grupos que integran o Parlamento Galego en xullo de 2007.

A nova lei faculta ao Goberno galego para exercer como acusación particular en casos de violencia de xénero. Esta norma baséase en tres piares fundamentais:

- A colaboración e a coordinación institucional entre as diferentes administracións e as entidades implicadas.
- A necesidade de reforzar o tecido asociativo e o dos órganos de representación das mulleres en Galicia.
- A atención especial ás necesidades específicas do país.

Outro aspecto destacado desta norma é que fai un amplo recoñecemento das distintas formas de violencia máis alá do ámbito doméstico ou de parella. A lei garante a gratuidade da asistencia sanitaria, psicolóxica e xurídica das vítimas.

Así mesmo, subliña o importante papel que xogan os profesionais da sanidade na detección de casos de violencia de xénero, no tratamento e na asistencia ás vítimas.

No ámbito xurídico, a lei garante a atención permanente todo o ano, fixa mecanismos de protección en situacións de risco, liñas de axuda económica e diversos recursos de acceso laboral e á vivenda, entre outros. Tamén se establece o carácter de gratuidade para a asistencia sanitaria, psicolóxica e xurídica das vítimas.



DOSSIER

Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2008



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA
NO QUE VAI DE ANO
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO
(FONTE: MINISTERIO DE IGUALDAD)

Igualmente, facilita o acceso destas mulleres á Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e a súa inclusión con carácter preferente en todos os programas de formación e inserción laboral.